

**SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO PROGRAMA MELLORA DA COMPETITIVIDADE E  
PROMOCION ECONOMICA DO TECIDO EMPRESARIAL DE CAMARIÑAS. 2014**

En Camariñas a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_

Dn/a –(nome e apelidos) \_\_\_\_\_

Como **empresario/a responsable e autorizado** do **establecemento** do Concello de Camariñas:

Nome establecemento \_\_\_\_\_

NIF/CIF \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_

Tipo de establecemento \_\_\_\_\_

Tipo de artigos que vende \_\_\_\_\_

Tfn contacto \_\_\_\_\_ Fax \_\_\_\_\_

Enderezo electrónico \_\_\_\_\_

Web \_\_\_\_\_

**DECLARA:**

- Que o seu establecemento ou actividade económica ou profesional está domiciliada no termo municipal de Camariñas
- Que a actividade económica está dada de alta no censo de actividades económicas de Facenda no epígrafe que corresponda.
- Que o establecemento e/ou actividade económica ou profesional cumpre cos requisitos de legalidade necesarios para exercer a mesma.
- Que acepta e queda informado/a dos requisitos e obrigas básicas do programa **MELLORA DA COMPETITIVIDADE E PROMOCION ECONOMICA DO TECIDO EMPRESARIAL DE CAMARIÑAS. 2014** e que son os seguintes
  - As empresas e actividades económicas e profesionais deben:
    - a. Cumprir tódalas normas que a lexislación establece para exercer legalmente as devanditas actividades económicas.
    - b. Ter enderezo fiscal no termo municipal de Camariñas.

- c. Estar inscritas ou ter solicitada a inscrición no Directorio da Empresas de Camariñas xestionado pola Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas
  - As empresas e actividades económicas e profesionais se comprometen a:
    - a. Realizar como mínimo unha acción formativa relacionadas coas TIC's no CEMIT ou aula informática de Camariñas, durante o ano 2014. O que xustificarse con certificado da acción formativa correspondente.
    - b. Participar como mínimo nunha das actividades organizadas ou promovidas pola Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas no ano 2014 relacionadas co emprendemento, mellora competitiva das empresas ou actividades de dinamización ou información. O que xustificarse con documento emitido pola Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas
  - As empresas e actividades económicas e profesionais para publicar os seus anuncios na pantalla exterior do Concello, deberá concertar cita de asesoramento co técnico de informática do Concello de Camariñas e remitir en tempo e forma establecido por este, os anuncios que desexe.
  - O Concello de Camariñas non publicará os anuncios dos establecementos ou empresas que non cumpran cos requisitos e aqueles que segundo seu criterio atente contra a dignidade humana, a honra ou os principios constitucionais ou que estime de insuficiente calidade e poida reducir os canons de calidade medios publicados na pantalla publicitaria exterior.
- Que acepta e queda informado de que este programa ofrece gratuitamente á súa empresa:
  - Publicar durante o 2014 anuncios e ofertas da súa empresa de forma gratuíta na pantalla publicitaria exterior propiedade do Concello de Camariñas sempre que cumpra coas normas mencionadas neste documento
  - Información sobre axudas e subvencións para empresas e comercios galegos
  - Asesoramento e orientación sobre dúbidas ou información necesaria para a súa empresa
  - Formación en TIC's e xestión empresarial.
  - Actividades de dinamización e promoción empresarial
- Que autoriza ao Concello de Camariñas Á incorporación dos datos da empresa ao ficheiro correspondente do Concello de Camariñas e ao tratamento e cesión destes datos, na actualidade ou no futuro, para o exercicio da actividade propia desta entidade pública municipal e de acordo co fin solicitado.

Que queda informado de que os datos desta solicitude non serán cedidos con fins comerciais e que ten dereito ao acceso, rectificación, cancelación e oposición, que poderá realizar por escrito diante do alcalde deste Concello. L.O. 15/1999, 13 de decembro (B.O.E. nº 298 do 14 de decembro de 1999).

- Que acepta e queda informado de que pódese dar de baixa en calquera momento deste programa sen que este feito ocasione custe algún para a súa empresa. Para darse de baixa debe enviar un correo electrónico a [info@camarinas.net](mailto:info@camarinas.net) cos seus datos persoais e da súa empresa e co parágrafo: ***Solicito baixa do programa MELLORA DA COMPETITIVIDADE E PROMOCION ECONOMICA DO TECIDO EMPRESARIAL DE CAMARIÑAS. 2014***

E polo tanto

SOLICITA

Sexa aceptado no programa **MELLORA DA COMPETITIVIDADE E PROMOCION ECONOMICA DO TECIDO EMPRESARIAL DE CAMARIÑAS. 2014** nos termos expresados neste documento

Asd: \_\_\_\_\_